



A pediculose é a infestación por piollos na cabeza (pelo e coiro cabeludo) Está producida por un parasito que se chama *Pediculus humanus capitis*, que soamente infecta a humanos, e pode atoparse en forma de adulto, ninfa e ovo, chamado lendia. Os piollos sobreviven 1 ou 2 días fóra do coiro cabeludo e as lendias menos dunha semana.



Epidemioloxía: Normalmente afecta aos nenos entre os 3 e os 11 anos de idade. Trátase dunha infestación común en todo o mundo e transmítese persoa a persoa polo contacto de cabeza con cabeza, que é máis doado que aconteza na familia e na escola, durante os xogos, actividades deportivas, campamentos, etc. Tamén se pode transmitir por obxectos e aínda que constitúe unha forma menos común de contaxio, pode ocorrer polo uso de peites, toallas, uniformes deportivos, roupa de cama e xoguets (peluches), entre outros. Non se transmite polos animais domésticos.

Os síntomas da pediculose: A maioría non producen ningún síntoma, mais pode producir proído, causado pola reacción alérxica á saliva do piollo, sensación de cóxegas por algo que se move no cabelo, irritabilidade e rascado frecuente da cabeza, que pode determinar a aparición de infeccións bacterianas.



O diagnóstico da pediculose: Faise ao observar o piollo adulto movéndose no pelo ou no coiro cabeludo do neno. A observación de numerosas lendias no coiro cabeludo é altamente suxestiva de infestación activa, mais o atopar soamente lendias non sempre indica este feito, xa que poden estar baldeiras ou mortas debido a unha infestación antiga. Na infestación activa as lendias están situadas a 6mm do coiro cabeludo, e na infestación antiga están situadas a máis de 2cm do coiro cabeludo e non constitúen perigo. Convén revisar sobre todo a caluga e detrás das orellas. Recoméndase facelo co cabelo húmido e cun peite para lendias.

Medidas a adoptar nos fogares:

Cando se sabe que un neno ten piollos hai que iniciar o tratamento rapidamente, e se o neno acude á escola avisarase desta situación o máis axiña posible. Tamén é preciso revisar a cabeza de todas as persoas que viven no fogar. Ademais tomaranse as medidas seguintes:

- ❖ Lavar a roupa interior, toallas, roupa de cama en uso e outras roupas e obxectos do neno infestado usados dende dous días antes. Na máquina cun programa de temperatura mínima de 55°C. Aquela que non se pode lavar (peluches monecos, cintas para o cabelo...) pecharanse nunha bolsa durante dúas semanas ou ben lavarase en seco. En calquera caso, débense afastar do contacto corporal polo menos 72 horas.
- ❖ Fregar cepillos e peites con alcohol ou ben con auga, quente a 55°C, ou con xabón polo menos durante unha hora. Hai que educar aos nenos para que non compartan peites e outros obxectos persoais.
- ❖ Aspirar alfombras e mobles tapizados.
- ❖ Non compartir roupa deportiva, bufandas, cintas para o cabelo...




Tratamento da pediculose: As locións pediculicidas (para os piollos) constitúen o tratamento de elección da pediculose. O tratamento consta de dúas aplicacións, unha no día do diagnóstico, e outra unha semana despois, dado que a aplicación inicial non mata a todos os ovos e pode quedar algún ovo vivo. Deberase de tratar cando se diagnostique infección activa (ver apartado diagnóstico)

O tratamento máis recomendado polo seu poder ovicida, alta acción residual e escasos efectos adversos é a Permetrina ao 1%, que pertence ao grupo das piretrinas, cuxa acción sobre o piollo é neurotóxica.

Aplicarase segundo as indicacións feitas polo fabricante do produto. En xeral, recoméndase:

- ❖ Aplicar a loción co cabelo seco, con maior atención na caluga e detrás das orellas. Cubrir a cabeza cun gorro de ducha, e deixar actuar o produto durante toda a noite.
- ❖ Pola mañá, lavar a cabeza con xampú e aclaralo ben con auga. É convinte realizar o penúltimo aclarado con vinagre branco diluído en auga (unha parte de vinagre e dúas de auga), xa que axuda a disolver a unión da lendia co cabelo.
- ❖ Peitear o cabelo cun peite metálico para lendias, para quitar as lendias e os piollos mortos. Deixar secar o cabelo ao aire. Non usar secador, xa que pode degradar a acción do pediculicida.



Como complemento ao tratamento, recoméndase, realizar cada 2-3 días, durante 15 días dende a primeira aplicación do tratamento, a revisión e peitado do cabelo húmido co peite específico para lendias. Revisar sobre todo a caluga e detrás das orellas.

No caso de nenos menores de dous anos, é mellor consultar sempre co pediatra.

Algo moi importante é que os tratamentos pediculicidas non deben empregarse como tratamento preventivo.

Un consello xeral: revise a cabeza do seu neno, de vez en cando, co pelo húmido e cun peite específico para lendias.

Exclusión da escola: Non é necesaria.

Para calquera dúbida consulte co seu médico ou farmacéutico